

nenas e nenos cantan



CANTAN

no bico un cantar
2018

Venres, 1 de xuño de 2018 • 18.00 horas

**Igrexa de San Francisco
Betanzos**



ALALÁS

PRESENTACIÓN

*A quen amo relembro venerando
da nosa antiga gloria
espértallo Betanzos na memoria:
e quen inspiración vaia buscando
para lindo cadro ou para canción sublime,
que vos mire unha vez, unha tan só
e cinguirá loureiros inmortais
belezas infinitas retratando.
[...]
¡Mariñas feiticeiras!
¡Que doce debe ser o eterno sono
durmindo nesas plácidas ribeiras!*

Así escribe a poeta Filomena Dato sobre as feiticeiras e ledas Mariñas. Académica correspondente da Real Academia Galega, esta ourensá de nacemento foi seducida pola beleza das terras mariñás e quixo morar aquí para sempre rodeada das veigas, aldeas, soutos, loureiros e praias que enxalza nos seus poemas. Esta beleza figura tamén na *Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués* (1594), un dos escasos poemas cultos producidos en galego despois da Idade Media, que di:

*con todo, musa miña, a voz levanta
e con zanfoña e rústica garganta
faz que entre estas silveiras,
que cenguen o Mandeu con súas ribeiras,
resoe en froitas, árbores e viñas
o sangue esclarecido das Mariñas.*

Estamos ás portas da conmemoración, o 13 de febreiro de 1219, do 800 aniversario da chamada segunda fundación da vila de Betanzos, cando o rei Afonso IX concedeu o seu traslado á localización actual no Castro de Untia, a petición dos seus habitantes. Constitúe, pois, unha grande ocasión para converter esta capital provincial do Antigo Reino de Galicia, na capital galega da poesía e da música. Como escenario escollido, a igrexa de San Francisco, de marcado simbolismo ao se tratar dunha das igrexas máis representativas da arquitectura gótica galega e albergar xoias artísticas

PARTICIPANTES

como o sartego de Fernán Pérez de Andrade, o Boo, o que a converte nunha escenografía privilexiada para este certame e para a divulgación do seu coñecemento entre escolares de toda Galicia.

Así pois, a un pé deste oitavo centenario, o Consello da Cultura Galega e a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, co apoio do Concello de Betanzos, organizan o concerto No bico un cantar neste primeiro venres de xuño, no que un coro infantil de máis de catrocentas voces chegadas de toda Galicia estará dirixido pola batuta de Maximino Zumalave e co acompañamento nos metais de Hércules Brass.

Logo das edicións anteriores de Santiago de Compostela, Celanova, Cambados, Cangas e Mondoñedo, onde foron cantados Rosalía, Curros Enríquez, Cabanillas, os trobadores medievais e os poetas mindonienses, Betanzos abraza a música popular para darlles vida aos alalás. Nesta hora en que o sol comeza a descender, a melodía da luz que marcha encherá o aire e evocaranos o canto da rapazada de antano que regresa do arduo traballo na terra. Entrelázanse así a música e a poesía, o contemporáneo e o tradicional, o popular e o culto na voz ao unísono destes centos de nenas e nenos procedentes de todos os recunchos de Galicia.

O poeta cambadés Ramón Cabanillas confrontaba o alalá que nos convoca, unha cantiga melódica, sen estrutura fixa e saudosa, coa alborada, o canto do día que nace. Nas voces destas vidas que comezan, os alalás cobran outro sentido e transfórmanse nun himno que exalta a beleza da paisaxe e a querenza polo territorio. As Mariñas que nos acollen, Camariñas e Muxía danlle nome aos alalás populares que hoxe sentiremos e que pertencen xa á memoria popular de toda Galicia. Ademais, e como xa é costume, nesta convocatoria viviremos a estrea absoluta dunha obra de encarga. Manuel Rivas, autor próximo á vila betanceira que, entre outras cousas, evocou a festa dos caneiros na súa magna novela *Os libros arden mal*, é o escritor do poema «Alalá á vella maneira», ao que lle puxo música a compositora Teresa Bretal. Teremos o pracer de escoitala por vez primeira. E, por sexta ocasión xa, sentiremos o «Maio longo», o poema rosaliano convertido en himno da convocatoria anual de No bico un cantar.

«Alalá d'a media noite! Non haberá quen che cante, nin quen ch'escoite» escribiu o gran poeta Manuel Antonio. Para retrucarlle ao rianxeiro, nese primeiro venres de xuño de 2018, haberá quen os cante e haberá quen os escoite. Con vostedes, os alalás.

As letras

Esta edición non escolle poemas de ilustres figuras da literatura galega como en ocasións anteriores, senón que presta atención a unha temática de tradición popular como son os alalás e, por tanto, sen autoría coñecida. O «Alalá á vella maneira» foi escrito por Manuel Rivas e, por tanto, constitúe esta a primeira ocasión en que neste certame se musica a obra dun autor vivo. Finalmente, Rosalía de Castro asina o poema «Maio longo».

As composicións

As composicións dos tres primeiros alalás que figuran no programa pertencen á tradición musical galega. Trátase dun tipo de canto popular que carece dunha definición estrita e con gran presenza na nosa cultura. Caracterízase por ser unha peza de canto libre, sen estrutura fixa que tivo moita forza na tradición galeguista como canto melancólico do serán vencellado en moitos casos á xente moza. Teresa Bretal creou por encargo a composición musical *Alalá á vella maneira*. Esta é a súa estrea absoluta. José Baldomir compuxo *Maio longo*. Pola súa banda, Juan Durán realizou os arranxos musicais para coro de nenos e sexteto de metais dos alalás tradicionais.

A mantedora

Rosa Aneiros

O director

Maximino Zumalave Caneda

Intérpretes

O quinteto Hércules Brass está formado por Alejandro Vázquez (trompeta), Víctor Manuel Vilariño (trompeta), Javier González (trompa), Esteban Méndez (trombón) e Rodrigo Rodríguez (tuba). Nesta ocasión estarán acompañados por Jordi Ortega (trompa convidado).

As nenas e nenos que participan na actividade pertencen aos CMUS Profesionais da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, ao Conservatorio Elemental de Música de Betanzos, ao Conservatorio Profesional de Música de Culleredo, á Escola Municipal de Música da Coruña e ao Coro Cantabile (A Coruña).

Organizan

Consello da Cultura Galega

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Secretaría Xeral de Cultura

Colabora

Concello de Betanzos

PROGRAMA

Dúas pezas renacentistas

G. Farnaby - A. Holborne; arr. J. Glasel - E. Howarth

Fuga pequena en Sol m

J. S. Bach; arr. F. Mills

Alalá de Muxía

Popular

Alalá de Camariñas

Popular

Alalá das Mariñas

Popular

Fanfarria Rhaptosodya N.º 1

P. Dukas/J. Viceiro

Alalá á vella maneira

Texto de Manuel Rivas

Teresa Bretal

Estrea absoluta

Maio longo

José Baldomir


ALALÁ DE MUXÍA

A pedra fun abalar,
eu fun abalar a pedra.
A pedra fun abalar,
eu fun abalar a pedra
que está no medio do mar.

Ten zapatiños de brillo
nosa Señora da Barca
ten zapatiños de brillo
que llos trouxo un mariñeiro
que andaba no mar perdido.

Nosa señora valeime!
Nosa Señora da Barca
Nosa señora valeime!
que estou no medio do mare
non hai barqueiro que reme.

Letra e música: popular



Alalá de Muxía

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
Arranxo de Juan Durán (2017) para o Consello da Cultura Galega

Andante

♩=60
38

A pe - dra fun a - ba - lar, _____ eu fun a - ba - lar a

45

pe - dra. _____ A pe - dra fun a - ba - lar, _____ eu fun a - ba - lar a pe - dra. _____

54 *a tempo*

— que.es - tá no me - dio do mar. _____ Ten za - pa - ti - ños de bri - lo _____

67

— No - sa Se - ño - ra da Bar - ca, _____ Ten za - pa - ti - ños de bri - lo _____ que llos

76 *a tempo*

trou - xo.un ma - ri - ñei - ro _____ que.an - da - ba no mar per - di - do. _____ No - sa se - ño -

90

ra, va - lei - me! _____ No - sa Se - ño - ra da Bar - ca, _____ No - sa se - ño - ra, va - lei - me!

100

— que.es - tou no me - dio do ma - re, _____ non hai bar - quei - ro que re - me. _____

ALALÁ DE CAMARIÑAS

Ao pasar por Camariñas, por Camariñas, cantando.
Ao pasar por Camariñas, por Camariñas, cantando.
As nenas de Camariñas quedan no río lavando.
As nenas de Camariñas quedan no río lavando.

Camariñas, Camariñas xa me vas camariñando.
Camariñas, Camariñas xa me vas camariñando.
Por unha de Camariñas vivo no mundo penando.
Por unha de Camariñas vivo no mundo penando.


Letra e música: popular

Alalá de Camariñas

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
Arranxo de Juan Durán (2017) para o Consello da Cultura Galega

Andante

♩ = 50



ALALÁ DAS MARIÑAS

Teño unha casiña branca
na Mariña entre os loureiros;
teño amores, teño barca...:
estou vivindo no ceo.

Adeus á miña casiña
portelo do meu quinteiro;
auga da miña fontaña;
sombra do meu laranxeiro.

Ai la-le-lo
Ai la-le-lo
Ai la-le-lo
Ai la-le-lo

Letra e música: popular

Alalá das Mariñas

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Arranxo de Juan Durán (2017) para o Consello da Cultura Galega

Andante

$\text{♩} = 82$

6



Te - ño.un-ha ca - si - ña bran - - - ca



na Ma-ri-ña.en-tre.os lou - rei - - - ros; te - ño.a-mo-res te - ño



bar - - - ca; y es-tou vi - vin - do no ce - - - o.



A - deus á mi-ña ca - si - - - - - ña



por - te-lo do meu quin - tei - - - ro; au - ga da mi-ña fon - ti -



- - - ña som - bra do meu la - ran - xei - - - - - ro.



Ai la-le-lo Ai la - le - - - lo Ai la-le-lo Ai la -



le - - - lo Ai la-le-lo Ai la - le - - - lo



Ai la-le-lo Ai la - le - - - lo

3

ALALÁ

Á vella maneira

Eu de noite, iría de noite,
no medio do temporal.
Eu de día á luz do día
dáme medo, miña nai.

No fondo do teu ollare
unha gamela abanea.
Quen se puidera afogare
na ardora dunha misteira.

O que soño é verdade
como o silencio é un falare.
Se roubei o teu retrato
foi pra aprender a mirare.

Eu non sabía que había
tanta alegría nas bágoas
nin neve nas bidueiras
nin esperanza nas mágoas.

Letra: Manuel Rivas: *A desaparición da neve.*
La desaparición de la nieve. La desaparició de
la neu. Elurraen desagerpena. Alfaguara, 2009

Voz

a Franchiño

Alalá á vella maneira

(versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Manuel Rivas

Teresa Bretal

Andante, $\text{♩} = 72$
3 *f, energico*
Eu de noi-te i-ri-a de no-i te, no me-dio do tem-po-ral. Ir de

7
dí - a á luz do dí - a dá-me me-do, mi-ña nai. No

14 *f, espress. con grazia* *mp, piacevole*
fon-do do teu o-lla-re un-ha ga-me-la a-ba-ne-a. Quen se pui-de-ra a-fo-ga-re na ar

17 3 *mp, dolce*
do - ra dun-ha mis-tei - ra. O que

22 *mf*
so - ño é ver-da - de co-mo o si - len - cio é un fa - la - re. Se rou -

24 2
bei o teu re-tra - to foi pra a-pren - der a mi - ra - re.

28 *mf, espress.*
Eu non sa - bí - a que ha-bí - a tan - ta a-le - grí - a nas bá - go-as nin

30 *mf* 10
ne-ve nas bi-du - ei - ras nin es-pe-ran-za nas má-go-as.

MAIO LONGO

Maio longo... maio longo,
todo cuberto de rosas,
para algún telas e morte;
para outros telas de vodas.
Maio longo, maio longo,
fuches curto para min:
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.

Rosalía de Castro: *Follas novas*, A Habana,
La propaganda literaria, 1880

CORO

Maio longo

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
Texto de Rosalía de Castro, música de José Baldomir
para o Consello da Cultura Galega

♩ = 52

The musical score is written for a vocal choir in 3/4 time, with a tempo of 52 beats per minute. It features a key signature of two flats (B-flat and E-flat). The score consists of nine staves of music. The lyrics are written below the notes, with some words underlined to indicate phrasing. The lyrics are: "Maio longo, maio longo, todo cuberto de rosas, para algún telas de mor - te, para.ou - tros te - las de bo - das. Maio longo, maio longo, fuches cur - to pa - ra min, veu con - mi - go mi - ña di - cha, vol - veu con - ti - go a fu - xir. veu con - mi - go mi - ña di - cha, vol - veu con - ti - go a fu - xir. Maio longo, maio longo, todo cuberto de rosas, para.ou - tros te - las de bo - das. Maio longo, maio longo, todo cuberto de rosas, para.ou - tros te - las de bo - das." The score includes dynamic markings such as *mp* and *f*, and various musical notations like slurs, ties, and fermatas.

Ma - io lon go, ma - io lon - go, to - do cu ber to de ro -
sas, pa ra.al - gúns te - las de mor - te, pa - ra.ou - tros te - las de bo - das.
Ma - io lon - go, ma - io lon - go, to - do cu - ber - to de ro - sas,
pa ra.al - gúns te las de mor - te, pa - ra.ou - tros te - las de bo - das. Ma io
lon - go, ma - io lon - go, fu - ches cur - to pa - ra min, veu con -
mi - go mi - ña di - cha, vol - veu con - ti - go a fu - xir. veu con -
mi - go mi - ña di - cha, vol - veu con - ti - go a fu - xir. Ma - io
longo, ma io lon - go, to - do cuberto de ro - sas, pa ra.al - gúns telas de mor - te,
pa - ra.ou - tros te - las de bo - das. Ma - io lon go, ma io lon - go,

OS ALALÁS

Esta edición de *No bico un cantar* introduce unha novidade sobre citas anteriores ao escoller por vez primeira unha temática de tradición popular como eixe principal dos concertos. Así, fronte á escolla de ilustres figuras da literatura galega de anos precedentes, nesta ocasión son os alalás das Mariñas, Muxía e Camariñas as obras que conforman o programa musical. Tanto a súa escrita como a súa composición pertencen á memoria popular. A eles súmase como obra de estrea absoluta o *Alalá á vella maneira* de Manuel Rivas.

Non está clara a orixe nin a definición do alalá. «A bocanoite é un cotidián aviso providencial da existencia do máis alá. [...] É a hora do noso canto sagro, do alalá; o alalá que, como o mar, é sempre un, sempre o mesmo e, con todo, sempre enrevirado, sempre trocado, de cote en movemento. Como en ningún outro, neste canto fundamente lírico e relixioso a emoción do cantor, por goce do íntimo e por espertalo nos que o escoitan, tende a enchelo de beleza e de sentimento, alongando ou decaído o son e a melodía e urdindo unha nova tonada baixo a inspiración do instante». Na súa *Antífona da cantiga*, Ramón Cabanillas escribe así sobre o alalá, o canto da noite, en contraposición coa alborada, o himno do sol que xorde. Na tradición galeguista colleu forza esta referencia ao alalá como canto melancólico do serán, vinculado en moitos casos á xente moza. Así, no *Diccionario gallego-castellano* da Real Academia Galega (1913-1928) figura: «canto de timbre claro y extenso, de ritmo sencillísimo, como de una voz, de un motivo, de una vaguedad y de un mismo sentimiento y cadencia, marcha con el que lo modula, rompiendo lentamente el silencio nocturno». Na mesma liña pronúnciase Eladio Rodríguez (1958-1961) no seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, quen define o alalá como «canto gallego por excelencia; el cantar de los sosegados atardeceres aldeanos y de las silenciosas noches de luar. Sus notas plácidas y dulces contrastan con las alegres y retozonas de la muiñeira, de las ruadas, de las regueifas y de los cantos de pandeiro, juntándose en ellos todas las morriñas que forman el nervio musical de nuestro pueblo».

Porén, Antón Santamarina, coautor con Dorothé Schubart do *Cancioneiro galego de tradición oral*, reconece que, a pesar de procurar unha definición de alalá discriminándoo dos restantes tipos de cantigas, só puido concluír que se trata dun tipo de cantiga lenta, só cantable, cun metro bastante libre e retrouso que acaba, con diferentes variantes, en «a-la-la-la». O músico Xosé V. Ferreirós fai tamén fincapé no seu carácter de canto libre, sen estrutura fixa e que remata con notas moi longas nas que

se xoga con distintas alturas na mesma sílaba, nunha medida aleatoria que depende de cada intérprete. Moitos recolledores de cantigueiros tradicionais empregan a palabra, pero non a definen.

Xaora, estamos ante un tipo de canto popular que carece dunha definición estrita, mais facilmente recoñecible e de uso popular estendido por toda a xeografía galega. Moi presente na nosa tradición musical, o alalá ten unha cadencia melódica lenta e unha última nota moi prolongada que evoca melancolía. Ramón Cabanillas incide nesta prolongación final como característica definitoria deste tipo de canto: «O certo é que o alalá é o vaso mirrino que contén o Espírito da nosa Terra. Si; iso é o alalá: cantar que non acaba nunca porque o cantor nunca alcanza a dicir, tendo que vencellarse a verbas e sóidos, todo o que relembra, todo o que soña e todo o que agarda». Talvez a orixe do alalá como canto nocturno e xuvenil que sinala o poeta cambadés non fica evidenciado pero, como suxire Antón Santamarina, sería bonito que fose verdade.

AS LETRAS

MANUEL RIVAS

Manuel Rivas (A Coruña, 1957), escritor e xornalista. A súa obra, escrita en galego, está traducida a máis de vinte linguas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo. Como narrador ten publicado: *Todo ben* (1985); *Un millón de vacas* (1989), Premio da Crítica Española; *Os comedores de patacas* (1991); *En salvaxe compañía* (1994), Premio da Crítica Galicia; *Que me queres, amor?* (1996), Premio Torrente Ballester e Premio Nacional de Narrativa; *O lapis do carpinteiro* (1998), Premio da Crítica Española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional (2001); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paíños* (2000); *As chamadas perdidas* (2002); *Contos de Nadal* (2003), reeditado na colección Fóra de Xogo como *Madonna e outros contos de inverno* (2015); *Os libros arden mal* (2006), Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano, Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Ga-

lego do Ano, Premio da Crítica, Premio Mellor Libro do Ano Libreiros de Madrid, Premio da Crítica Galega, Premio Losada Diéguez, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega; *Todo é silencio* (2010); *As voces baixas* (2012) e *O último día de Terranova* (2015).

Reuniu todos os seus contos no volume *O máis estraño* (2011). Tamén é autor dunha extensa obra xornalística e poética en lingua galega. Para o público infantil ten publicados os contos *O sombreiro Chichiriteiro* (2009), *O raposo e a mestra* (2013) e *Bala Perdida* (1997, Xerais, 2016). En 2015 publicou o poemario *A boca da terra*.

ROSALÍA DE CASTRO

A vida de Rosalía é unha historia realmente apaixonante, chea de interese histórico, cultural e intelectual. O seu relato é entender desde a perspectiva dunha rapariga filla de nai solteira e fidalga as claves sociais do seu tempo; é asistir en primeira fila como moza, en Santiago de Compostela e en Madrid, a un proceso de formación rico e complexo; é seguirilles os pasos, en Vigo, na Coruña, en Lestrobe... á súa densa creación literaria e mais ao proxecto que acabou orixinando a Galicia dos nosos días. Hoxe as investigacións biográficas sobre a súa figura supuxeron claros avances no debuxo dos seus principais perfís. Aínda así, continúa a ser un reto estudala e explicala na súa totalidade e na súa complexidade.

En prosa e en verso, en galego e en castelán, a obra de Rosalía de Castro ocupa un lugar moi relevante nas letras europeas do século XIX. Os seus manifestos feministas (*Lieders* e *Las literatas*), o seu avanzado pensamento político e social (*Follas novas*, *El caballero de las botas azules*) ou a súa decidida posición crítica como intelectual convértena nunha figura literaria que concita sempre un renovado e múltiple interese. Caracterizada por unha persoal retórica e unha orixinal estratexia en que se modernizan os pactos co lector, tanto os do romanticismo coma os do realismo, a padronesa afondou como poucos nalgún dos conflitos dialécticos da súa época e nas profundidades abisais da subxectividade do eu.

Por outro lado, Rosalía de Castro contribuíu como ningún outro autor ou autora do seu tempo na xénese e afirmación do sistema literario galego contemporáneo. A publicación de *Cantares gallegos* en 1863 supuxo un remuíño decisivo na súa obra,

pero tamén un golpe estratéxico de enorme transcendencia para o futuro das letras galegas. Era o primeiro libro escrito integramente en galego e contiña as claves da alegoría nacional da Galicia contemporánea, logo redimensionadas en *Follas novas*, obra coa que acabou por selar o vigor e a fortaleza do incipiente sistema. E Galicia como preocupación social e política, sempre sobre o fondo da súa Terra de Iria, continúa sendo o suxeito do seu discurso no que debería considerarse libro cimeiro da poesía en castelán do XIX: *En las orillas del Sar*.

[Fonte: Fundación Rosalía de Castro]

AS MÚSICAS

TERESA BRETAL

Teresa Bretal Martínez naceu na Pobra do Caramiñal en 1984. Combina o seu traballo como docente no Conservatorio de Música de Ribeira con outras facetas, como a da composición e tamén a da investigación. Forma parte do grupo de investigación ELICIN (ELYCE-LITERACINE), do Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura da Universidade de Vigo.

Titulada Superior en Música na especialidade de Piano polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, completou a súa formación co Máster en Interpretación Musical, na especialidade de Piano, da Universidade Internacional de Andalucía, e co Máster en Artes Escénicas, da Universidade de Vigo.

Doutorouse con "mención internacional" pola Universidade de Vigo, en 2017, coa tese «Aproximación analítica ó *Mikrokosmos* de Béla Bartók. As súas características compositivas, pedagóxicas, estilísticas e interpretativas como fundamento para a creación de coleccións similares baseadas no folclore galego», contando coa dirección de Elliott Antokoletz, da Universidade de Texas en Austin.

A súa tese de doutoramento indaga na faceta pedagóxica de Béla Bartók, explorando o proceso creativo da súa obra *Mikrokosmos* desde unha aproximación meto-

A MANTEDORA

ROSA ANEIROS

Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) é xornalista e traballa no Consello da Cultura Galega. Colabora habitualmente en distintos medios de comunicación. En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*, á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), *Resistencia* (Xerais, 2003, Premio Arcebispo San Clemente, 2003), *O xardín da media lúa* (2004), *Veú visitarme o mar* (Xerais, 2004), *Ás de bolboreta* (Xerais, 2009, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil 2009 e Premio The White Ravens [Internationale Jugend Bibliothek], 2010), *Sol de Inverno* (Xerais, 2009, Premio Xerais de Novela 2009 e Premio Fervenzas Literarias á Mellor portada adultos en 2009).

A súa última obra literaria é a triloxía que narra a intrépida viaxe de Leo A., un periplo por distintas cidades do mundo que lle permite descubrir que as cousas non sempre son como as soñamos. Ás veces resultan moito mellores. A triloxía, integrada polos títulos *Ámote Leo A. Destino xalundes* (Xerais, 2013), *Ámote Leo A. Estación de tránsito* (Xerais, 2014) e *Ámote Leo A. Terminal de chegadas* (Xerais, 2014), foi galarxada co Premio Libro do Ano Infantil e Xuvenil 2013, outorgado pola Federación de Libreiros de Galicia. A súa última obra publicada está dirixida ao público infantil e titúlase *A batalla da pequena Chañan Curi Coca* (Xerais, 2017).

O DIRECTOR

MAXIMINO ZUMALAVE

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago de Compostela, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Inter-

dolóxica ao autor. Para traballar sobre os manuscritos realizou estadias de investigación predoutoral no Arquivo Bartók da Academia Húngara das Ciencias de Budapest, na Fundación Paul Sacher de Basilea e na Universidade de Texas en Austin.

En 2008 gañou o Premio Carlos Romero de Lecea nas ensinanzas de «Sinfonismo e música actual» do LI Curso Universitario Internacional «Música en Compostela». Desde aquela realizou numerosas estreas con intérpretes de ámbito nacional e internacional. A súa actividade creativa pasa por diferentes xéneros, como a canción de concerto, a música sacra e o repertorio de propósito pedagóxico.

JOSÉ BALDOMIR RODRÍGUEZ

Nado na Coruña en 1867, este músico e compositor foi discípulo do mestre Marcial Torres del Adalid e coñecido principalmente polas súas producións para canto e piano sobre textos de poetas galegos. Exerceu como director dos orfeóns El Eco e Brigantino; da orquestra Sociedad Bretón de los Herreros e dos coros e orquestra das Hijas de María. Durante máis de trinta anos impartiu a clase especial de conxunto e masas corais da Escola de Belas Artes da Coruña. En 1906, iniciou unha longa xira por numerosas cidades de España, Portugal e Francia, o que contribuíu á difusión dos máis insignes poetas galegos. Foi nomeado académico de número da Academia Provincial de Belas Artes (1905), académico correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1922) e numerario da Real Academia Galega en 1941, onde ocupou a vacante do crítico de arte e notable folclorista lugués Indalecio Varela Lenzano. Entre as súas composicións salienta a ópera *A Virxe do Cristal*, sobre o texto –adaptado por Cabanillas– da lenda de Curros Enríquez; a zarzuela *Santos e meigas*, con libreto de Linares Rivas, que alcanzou no teatro madrileño da Zarzuela 137 representacións consecutivas; e máis de 40 melodías que adoitan interpretarse tanto na versión de voz e piano coma na coral sobre poemas de autores senlleiros como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Curros Enríquez.

[Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*]

OS INTÉRPRETES

nacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,
que coas súas mans do silencio
arrinca
a máis pura poesía,
no espacio fuxidía
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Dende 2010, é membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, dende 2014, forma parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e no ano 2016 foi recoñecido co Premio da Cultura Galega na modalidade de Música.

HÉRCULES BRASS

Hércules Brass somos 5 músicos, utilizamos 4 instrumentos diferentes (trompeta, trompa, trombón e tuba), procedemos de 3 provincias distintas, pensámolo todo 2 veces e temos 1 denominador común, adoramos a música! Dende ben pequiños vivimos rodeados de músicos, a nosa primeira meta foi debutar coa banda de música da nosa localidade e dende aquela temos claro que nos queriamos dedicar á música.

Despois de anos de formación en Galicia e no estranxeiro, na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), formamos o noso proxecto, Hércules Brass Quinteto de metais. Unha aposta pola boa música, alta calidade a través dun traballo refinado. Grazas a esta dedicación actuamos no 30 aniversario da JONDE, Festival Spanish Brass Alzira 2013, Festival Ticino Musica 2013. E, como solistas, coa Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Banda Unión Musical de Meaño, a Banda Municipal da Coruña, a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e coa Orquestra Sinfónica de Galicia estreando o espectáculo «Historia do Quinteto Triste e a Bruxa Anónima». Dende agosto de 2014 organizamos o Festival Hércules Brass Celanova e en 2018 presentamos o seu traballo discográfico *Le Quintet dans la poche*.

Hoxe temos un colaborador de excepción, Jordi Ortega, grande amigo e mellor músico.

Alejandro Vázquez, trompeta
Víctor Manuel Vilariño, trompeta
Javier González, trompa
Jordi Ortega*, trompa convidado
Esteban Méndez, trombón
Rodrigo Rodríguez, tuba

VOCES

As nenas e nenos que participan na actividade pertencen aos CMUS Profesionais da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, ao Conservatorio Elemental de Música de Betanzos, ao Conservatorio Profesional de Música de Culleredo, á Escola Municipal de Música da Coruña e ao Coro Cantabile (A Coruña).

Organizan

Consello da Cultura Galega

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Secretaría Xeral de Cultura

Colabora

Concello de Betanzos

Agradecementos

Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol

Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo

Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Conservatorio Elemental de Música de Betanzos

Conservatorio Profesional de Música de Culleredo

Escola Municipal de Música da Coruña

Coro Cantabile (A Coruña)

Provincia franciscana de Santiago

Gráfica

Imago Mundi

Imprime

Gráficas Brial

Depósito Legal

C 991-2018

